

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

*Bases reguladoras das axudas destinadas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL-Emprende Investimento 2023)*

Mediante Resolución de Presidencia nº 2023 / 2750, do 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras das Axudas destinadas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL-Emprende Investimento 2023), que se transcriben a continuación:

#### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS PEL EMPRENDE INVESTIMENTO \_ ANO 2023**

##### Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición ecolóxica
Sección	Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Anualidade	2023
Denominación	Liña 2.1. PEL Emprende Investimento: Axudas destinadas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial
Beneficiarios	Pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas que desenvolvan unha actividade económica con ánimo de lucro, con domicilio fiscal nun concello da Coruña e unha antigüidade máxima de 5 anos.
Programa	Plan de Emprego Local (PEL)
Aplicación orzamentaria	0520/24100/771
Importe da convocatoria	2.760.000 €
Importe da orzamento de gastos	Mínimo 3.500,00 € sen IVE Máximo 25.000,00 € sen IVE
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 2.450,00 € Máximo 17.500,00 €
Importe solicitado	Ata o 70% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Como máximo 0,7

As presentes bases reguladoras do programa de axudas PEL- EMPRENDE INVESTIMENTO 2023 están formadas polas Bases xerais reguladoras dos programas de subvención aprobadas por Resolución da Presidencia número 48073/2022 de data 16/11/2022 e publicada no BOP nº 224 de data 25/11/2022 e polas Bases Específicas recollidas a continuación.

#### **1.-BASES ESPECÍFICAS DAS AXUDAS PEL EMPRENDE INVESTIMENTO 2023**

##### Exposición de motivos

O contido das presentes bases está enmarcado dentro do establecido no artigo 40 da Constitución Española, na Estratexia Anual de Crecemento Sostible de 2022 onde se encadra a elaboración dos plans nacionais de reforma e investimentos para optar ao Plan Europeo de Recuperación. Tamén se encadra nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea conforme á Estratexia Europea de Emprego, á Estratexia española de apoio ao emprego 2021-2024, dentro da Axenda 20 para o emprego da Xunta de Galicia, que teñen como misión principal apoiar ás persoas e ás empresas na creación de emprego estable e de calidade procurando que ese emprego se manteña, e na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible promovendo o crecemento económico sostido e facilitando a adopción de medidas urxentes contra o cambio climático a través dos obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda.

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

Estas axudas enmárcanse na liña 2.1 PEL Emprende Investimento do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2023. Con elas a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na provincia da Coruña, especialmente tras a negativa influencia socioeconómica da crise do coronavirus, fomentando o desenvolvemento equilibrado do territorio provincial e favorecendo a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores dentro do marco da Estratexia anual de Crecemento sostible da Unión Europea.

Coa finalidade de reforzar o apoio ás empresas da provincia enmarcada nos sectores estratéxicos emerxentes, se priorizan nestas axudas PEL aquelas iniciativas empresariais con actividades económicas enmarcadas en determinados sectores.

A Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0 determina estes sectores que son estratéxicos, emerxentes e de alto potencial de Galicia que, tal e como se indica na mesma, se trata de reforzar o actual modelo de competitividade da industria galega que se traduce en consolidar as súas fortalezas actuais e potenciar aquelas actividades que miran ao futuro. A política industrial debe prestar especial atención a esos sectores estratéxicos que pola súa experiencia exportadora, o seu papel como empresas tractoras e posibles xeneradoras de peme, con tradición empresarial e potencial de crecemento, levan tempo amosando a súa capacidade de contribuír ao progreso da economía galega. Ademais dos sectores recollidos nesta Axenda, existen outros sectores que son un eixo fundamental na economía galega, como son os sectores do Comercio e Turismo. Dado o seu elevado peso na estrutura produtiva e no emprego, a economía galega é moi sensible á evolución do turismo e do comercio polo que a Deputación da Coruña trata tamén de favorecer a estes sectores nas súas axudas.

#### Base 1.- Financiamento

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023 na aplicación orzamentaria 0520/24100/771 por un importe de 2.760.000,00 €.

CREDITO DISPOÑIBLE
2.760.000,00 €

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

#### Base 2.- Obxecto e finalidade

O seu **obxecto** é regular as axudas para o ano 2023 da Liña 2.1. PEL Emprende Investimento a través do apoio ao investimento en bens inventariables.

A **finalidade** destas axudas é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

#### Base 3.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas neste programa comezará o día seguinte ao da publicación do extracto de convocatoria e finalizará consonte o previsto no artigo 29 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que o prazo de presentación de solicitudes en ningún caso será inferior a un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación.

**Base 4.- Destinatarios/as e requisitos**

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade **con ánimo de lucro** con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda, e reúnan os seguintes **requisitos**:

- Ter o domicilio fiscal **nun concello da provincia da Coruña**
- Ter unha **antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado na actividade** empresarial para a que solicita a axuda segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.
- **No caso de persoas autónomas**, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, e non ter unha antigüidade superior aos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria.
- **No caso de persoas xurídicas**, a data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente non pode ter unha antigüidade superior aos 5 anos, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

**Base 5.- Exclusiones**

Exclúense destas axudas os seguintes:

- No caso de novas empresas ou persoas autónomas que opten á axuda por non ter unha antigüidade superior aos cinco anos e cumpran os requisitos da anterior base 4, quedarán excluídas se son **transformación doutras** cuxa primeira inscrición no Rexistro público correspondente, ou alta no RETA, teña unha antigüidade superior a cinco anos **ou** que sexan **continuidade dunha actividade** que viña desenvolvendo outra empresa ou persoa autónoma cunha antigüidade de máis de cinco anos.

A estes efectos, considérase que existe continuidade na mesma actividade económica cando entre o cese dunha actividade e o inicio da seguinte transcorra menos de 3 meses, e entre a baixa do RETA e a nova alta transcorra menos de 3 meses.

- As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.
- As asociacións, autónomos colaboradores, as corporacións de dereito público (Confrarías...), as congregacións relixiosas e os autónomos societarios, entendendo como autónomo societario, aqueles que están obrigados a alta no sistema especial de traballadores por conta propia, segundo o recollido no artigo 305 do TRLXSS, letras b) c), d) e e)
- Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade
- As entidades definidas como Gran Empresa pola AEAT segundo o Certificado de situación censual da entidade.

**Base 6.- Gastos subvencionables**

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que **resulten estritamente necesarios** para o desenvolvemento da/s actividade/s subvencionada/s dada/s de alta no Certificado de situación censual e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

Conta	Descrición da conta
206	<b>Aplicacións informáticas</b> Nesta conta considerarase exclusivamente o importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos adquiridos a terceiros.
213	<b>Maquinaria</b> Conxunto de máquinas ou bens de equipo mediante os cales se realiza a extracción, elaboración dos produtos ou prestación de servizos. Nesta conta figurarán todos aqueles elementos de transporte interno que se destinen ao traslado de persoal, animais, materiais e mercadorías dentro de factorías, talleres, etc. sen saír ao exterior.
216	<b>Mobiliario</b> Mobiliario, material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217.
217	<b>Equipos para procesos de información</b> Computadores e demais conxuntos electrónicos.

Consideracións respecto aos investimentos a solicitar:

- Con carácter xeral, quedan **expresamente excluídas** en todos os conceptos contables as instalacións, os mantementos, portes, obras, reformas, reparacións, cubertas, carpas, alugueres, rotulacións, instalacións técnicas de climatización, iluminación ou telecomunicacións, páxinas web, hosting, dominios, mantementos das aplicacións informáticas, fundas de elementos subvencionables, protectores de pantalla, subscricións anuais, canons, elementos de transporte, material funxible, prendas textís, artigos de decoración, espellos, televisores, reloxos intelixentes, elementos de iluminación, aparellos de climatización, sistemas de seguridade, telefonía, teléfonos móbiles e routers.
- Ha de tratarse de investimentos en elementos **novos, directamente relacionados coa actividade, non suntuarios e con prezos adaptados aos prezos do mercado**, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non sexan fabricados pola empresa solicitante nin por unha terceira vinculada á mesma, nin por socios/as, administradores/as, nin membros da Xunta de Directiva, ou ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva **durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento**. Tampouco poderán ser utilizados para a venda ou calquera outro negocio xurídico.
- **No caso de ordenadores, o importe máximo imputable por ordenador será 2.000 euros sen IVE** incluídos os periféricos que figuren na mesma factura do ordenador adquirido.
- **No caso de tablets, o importe máximo imputable por tablet será 500 euros máximo sen IVE.**
- **O resto de equipos para procesos de información que se imputen con cargo á conta 217.**-Equipos para procesos de información, distintos de ordenadores e tablets, imputaranse polo seu prezo de adquisición sen IVE sempre que cumplan o resto de requisitos.
- Só se admitirán **cinco facturas máximo por concepto de gasto subvencionado** e os conceptos contables contidos nelas deben axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria. Non obstante, as facturas que conteñan pagos recibidos con anterioridade á entrega do ben facturado, entenderanse como unha soa aos efectos desta limitación.

#### Base 7.- Período subvencionable e contía

##### Base 7.1.-Período subvencionable

Os investimentos subvencionables serán aqueles realizados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos no período sinalado, aínda que os pagos poderán realizarse como data límite ata a presentación da xustificación da axuda.

Non entanto, naqueles casos nos que os investimentos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvencións, poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2024.

##### Base 7.2.-Contía

As entidades poderán presentar un **orçamento mínimo de gasto\*** de **3.500,00 € e un máximo de 25.000,00 €**, do cal poderán solicitar, como máximo, o **70%**.

\*(No orzamento do gasto **se considerará excluído o IVE** no caso de que sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade)

Importe mínimo do orzamento de gastos	Mínimo: 3.500,00 € Sen IVE Máximo: 25.000,00 € Sen IVE
Importe da subvención a conceder	Mínimo: 2.450,00 € Máximo: 17.500,00 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 70% do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	Como máximo do 0,70

#### Base 8.- Compatibilidade/incompatibilidade

- **Compatibilidade con outras axudas do PEL:** As subvencións PEL son compatibles entre si.
- **Compatibilidade con outras axudas da Deputación:** As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto.
- **Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas:** Esta axuda será compatible con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos.

En ningún caso a suma das axudas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do investimento subvencionado.

#### Base 9.- Criterios de valoración

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

A puntuación total das solicitudes obtense mediante a suma automática da puntuación do criterios de valoración indicados a continuación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (30 puntos)
1	<b>Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa</b> <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE) (Máximo 16 puntos)</i>	Menor ou igual a 2.000 habitantes	16
		De 2.001 a 4.000 habitantes	13
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
		20.000 habitantes ou máis	0
2	<b>Actividade económica do solicitante</b> Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria. (3 puntos)</i>	Solicitantes de sectores estratéxicos, emerxentes e de alto potencial de Galicia (só aqueles indicados no Anexo 2 destas bases)	3
3	<b>Tipo de solicitante</b> <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria. (5 puntos)</i>	Persoas autónomas	5
		Cooperativas	
		Sociedades laborais	
4	<b>Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL Empreende Investimento 2022 (*)</b> <b>(6 puntos)</b>	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL Empreende Investimento 2022.	6

(\*) *Para valorar este punto 4, consideraranse beneficiarios aqueles que teñan sido beneficiarios por Resolución de Concesión na convocatoria PEL-Emprende Investimento 2022.*

#### Base 10.- Concesión

O tipo de concesión destas axudas será o de **concesión definitiva**, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

O procedemento de concesión ven recollido na base 5 das bases xerais de subvencións da Deputación.

#### Base 11.- Prazo de xustificación e documentación xustificativa para o pago

##### Base 11.1. Prazo de xustificación

O/a beneficiario/a da axuda deberá xustificar a través da plataforma telemática SUBTeL os gastos relativos aos investimentos subvencionables realizados na anualidade 2023.

O/a beneficiario/a da axuda non deberá achegar a documentación xustificativa ata que complete os investimentos para os que solicitou a axuda e dispoña da documentación acreditativa relativa aos mesmos.

O prazo de xustificación da axuda PEL-Emprende Investimento rematará o día **31 de xaneiro de 2024**.

A subvención concedida farase efectiva tras a presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditados o cumprimento dos requisitos e a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

**Base 11.2. Documentación xustificativa para a realización do pago**

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTeL, no apartado de Xustificación da súa solicitude, a documentación relativa á xustificación recollida no Anexo 1.-Documentación.

A entidade beneficiaria deberá pagar as facturas, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo), o concepto, o importe e a data de pago. En ningún caso se admitirá o pago en efectivo. No caso de que a entidade beneficiaria da axuda pague unha parte da factura en efectivo será invalidada a totalidade do gasto.

**Base 12.-Compromisos e obrigas**

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PEL Emprande Investimento, ademais dos compromisos sinalados nas Bases reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña do ano 2023, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas específicos:

- Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención **por un período mínimo de dous anos** desde a adquisición do ben.
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, aumento do investimento, nin dos conceptos de gasto concedido xa que estes considéranse vinculantes e non se poden modificar pois suporían un cambio de obxecto.

A Deputación poderá comprobar o efectivo cumprimento desta cláusula a través da correspondente actuación de control financeiro.

**Base 13.- Publicidad**

A publicidade do carácter público do financiamento do investimento realizado levarase a cabo das seguintes formas:

**· No centro de traballo**

Colocación dun cartel a cor cun tamaño mínimo de 210 x 297 mm en posición horizontal en cartón pluma plastificado ou similar, en lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial co logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

**· Na páxina web**

Debe figurar expresamente o logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

**· Investimentos que actúen no exterior**

No caso de dispoñer dun tamaño suficiente, a publicidade realizarase mediante a inclusión nos propios bens subvencionados do logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

**O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/axudas>).**

Esta publicidade permanecerá durante o período mínimo da obriga de destinar os bens aos fins concretos para os que foron concedidos (**mínimo de dous anos**).

**Base 14.- Subcontratación**

Para a subcontratación das actividades estarase ao recollido na Base 10.-Subcontratación das Bases Xerais.

**Base 15.- Operacións vinculadas**

Non se poderán contratar total ou parcialmente os investimentos subvencionados con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria. Ver Base 11 das bases xerais. Operacións vinculadas.

## ANEXO 1. DOCUMENTACIÓN

SOLICITUDEE	<p><b>DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.</b></li> <li>• No caso de <b>PERSOAS FÍSICAS</b>, <b>Certificado de Vida laboral do/a autónomo/a</b> ou certificado da mutualidade correspondente onde conste a data de alta no RETA, ou alta na mutualidade .</li> <li>• No caso de <b>MUTUALISTAS</b>, ademáis do Certificado da Mutualidade, deberán achegar tamén Certificado de Vida laboral.</li> <li>• No caso de <b>PERSOAS XURÍDICAS</b>, <b>Escritura de Constitución</b> da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houbese), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente (no caso de estar obrigados) a efectos de determinar a antigüidade da empresa, a excepción das sociedades civís nas que se determinará atendendo á data que conste no documento de constitución das mesmas.</li> <li>• <b>Memoria resumo dos investimentos a realizar</b> (Modelo dispoñible en SUBTeL)</li> <li>• <b>Autorización de representación</b> para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (para as persoas físicas) ou co representante legal da entidade (para as persoas xurídicas). (Modelo dispoñible en SUBTeL)</li> <li>• <b>Declaración de mínimos</b> (Modelo dispoñible en SUBTeL)</li> </ul>
XUSTIFICACIÓNN	<p><b>DOCUMENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Memoria xustificativa</b> segundo o modelo dispoñible en Subtel.</li> <li>• <b>Certificación de gastos realizados</b> que se xerará automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados.</li> <li>• <b>Certificación de ingresos.</b> Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade (Modelo dispoñible en Subtel).</li> <li>• Polo menos <b>tres ofertas de distintas empresas proveedoras</b> no caso de que o gasto a un mesmo proveedor sexa superior a 15.000 € (IVE excluído), nos termos do <b>artigo 31.3 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.</b></li> <li>• <b>Modelo de designación de conta bancaria</b> para incluír no Rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña.</li> <li>• <b>Certificado acreditativo da titularidade da conta</b> emitido (e asinado electrónicamente) pola entidade bancaria correspondente.</li> <li>• <b>Declaración</b> da entidade na que indique si está exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible (Modelo dispoñible en Subtel).</li> <li>• Documentación gráfica da <b>publicidade</b> realizada e ligazón á web da entidade, no seu caso.</li> <li>• <b>Fotografías</b> dos bens adquiridos e, no caso de aplicacións informáticas, informe gráfico da súa implantación e funcionamento.</li> <li>• <b>Relación clasificada dos gastos realizados</b> (a cubrir na plataforma telemática Subtel), na que deberán achegar as <b>facturas*</b> correspondentes aos gastos efectivamente realizados que conteñan os investimentos realizados de forma <b>detalhada, comprensible</b>, e con prezos unitarios.</li> </ul> <p><i>*Só se admitirán cinco facturas máximo por concepto de gasto subvencionado e os conceptos contables contidos nelas deben axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria. Non obstante, as facturas que conteñan pagos recibidos con anterioridade á entrega do ben facturado, entenderanse como unha soa aos efectos desta limitación.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Xustificantes bancarios</b> acreditativos do <b>pago</b> de cada unha das facturas.</li> </ul>

## ANEXO 2. ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE SECTORES ESTRATÉXICOS, EMERXENTES E DE ALTO POTENCIAL DE GALICIA

A valorar segundo o Punto 2 da base 9 dos criterios de valoración: Actividade económica do solicitante.

(Aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación nese criterio de valoración)

SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
AGRICULTURA, GANDEIRÍA, FORESTAL E PESCA	EMPRESARIAL	1	0	011 - 071
	EMPRESARIAL	1	9	911 e 912
	PROFESIONAL	2	0	011, 012, 013, 021, 022, 023, 024 e 099
	<i>Estarán tamén incluídos aqueles solicitantes nos que consonte o artigo 78.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non teñen a consideración de actividades empresariais aos efectos do IAE e non quedan suxeitos ao feito imponible desde imposto, pertencentes aos seguintes Código/Actividade: B01 Agrícola; B02 Gandeira; B05 Pesqueira</i>			
CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓVILES	EMPRESARIAL	1	3	361 a 363
OUTRAS PRODUCIÓNS DE ENERXÍA	EMPRESARIAL	1	1	151.4
CONSTRUCCIÓN NAVAL, REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES	EMPRESARIAL	1	3	371.1 a 372.2
INDUSTRIAS DA PEDRA NATURAL e INDUSTRIA EXTRACTIVA	EMPRESARIAL	1	2	231.1 a 239.9 244.1 a 244.3
INDUSTRIA TÉXTIL	EMPRESARIAL	1	4	431.1 a 455.9
INDUSTRIA DE PRODUTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	EMPRESARIAL	1	4	411 a 428
TELECOMUNICACIÓNS E ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	EMPRESARIAL	1	7	761.1 a 769.9
	EMPRESARIAL	1	8	843.1 a 843.9 (só aquelas actividades relacionadas coas telecomunicacións e a informática)
	PROFESIONAL	2	2	213, 222 e 225
	PROFESIONAL	2	7	761 a 765
INVESTIGACIÓN	EMPRESARIAL	1	9	936.1 a 936.9 991
INDUSTRIAS CREATIVAS	EMPRESARIAL	1	9 4	961, 962 y 963 474.1 a 476.9
	PROFESIONAL	2	3 7	322 751
COMERCIO	EMPRESARIAL	1	6	611-644 647- 665
	PROFESIONAL	2	5	511
TURISMO	EMPRESARIAL	1	7 8	755 855.2 855.3
	EMPRESARIAL	1	6	671- 687
	PROFESIONAL	2	8	882, 883 e 521

Esta táboa de actividades foi elaborada tomando como referencia as actividades económicas recollidas como sectores emerxentes e de alto potencial na Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0, pero adaptando as actividades a aquelas máis importantes na provincia da Coruña.

Para aqueles solicitantes que teñan de alta epígrafes non comprendidos na táboa anterior e poidan acreditar documentalmente que a natureza da súa actividade se corresponde con algún destes epígrafes, poderán ser considerados no epígrafe correspondente recollido na táboa de sectores estratéxicos, emerxentes e de alto potencial, previa valoración da documentación acreditativa por parte da unidade xestora.

## BASES REGULADORAS DEL PROGRAMA DE AYUDAS PEL EMPRENDE INVERSIÓN \_ AÑO 2023

## Datos del programa

Unidad gestora	Servicio de Desarrollo Territorial y Transición ecológica
Sección	Desarrollo Territorial, Cooperación y Medio Ambiente
Anualidad	2023
Denominación	Línea 2.1. PEL Emprnde Inversión: Ayudas destinadas a la consolidación y al fortalecimiento del tejido empresarial
Beneficiarios	Pequeñas, medianas empresas, microempresas y personas autónomas que desarrollen una actividad económica con ánimo de lucro, con domicilio fiscal en un ayuntamiento de A Coruña y una antigüedad máxima de 5 años.
Programa	Plan de Empleo Local (PEL)
Aplicación presupuestaria	0520/24100/771
Importe de la convocatoria	2.760.000 €
Importe del presupuesto de gastos	Mínimo 3.500,00 € sin IVA Máximo 25.000,00 € sin IVA
Importe de la subvención que se va a conceder	Mínimo 2.450,00 € Máximo 17.500,00 €
Importe solicitado	Hasta el 70% del presupuesto de gastos subvencionable
Coefficiente de financiación	Como máximo 0,7

Las presentes bases reguladoras del programa de ayudas PEL-EMPRENDE INVERSIÓN 2023 están formadas por las Bases generales reguladoras de los programas de subvención aprobadas por Resolución de Presidencia número 48073/2022 de fecha 16/11/2022 y publicada en el BOP nº 224 de fecha 25/11/2022 y por las Bases Específicas recogidas a continuación.

## 1.-BASES ESPECÍFICAS DE LAS AYUDAS PEL EMPRENDE INVERSIÓN 2023

## Exposición de motivos

